

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Secretaría

Corrección de erros das bases do programa “Ponte-Cedo: Servizo de apoio a familias madrugadoras” do Concello de Ponteceso 2025-2026

ANUNCIO

Corrección de erros das bases do programa “Ponte-Cedo: Servizo de apoio a familias madrugadoras” do Concello de Ponteceso 2025-2026”

Pola resolución de Alcaldía número 561/2025, de data 9 de xullo de 2025, aprobáronse as “Bases da convocatoria do programa “Ponte-cedo: Servizo de apoio a familias madrugadoras do Concello de Ponteceso 2025-2026”, as cales foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia, núm. 133, de data 15/07/2025 e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal da mesma data.

Detectados uns erros nas bases 1ª, 2ª, 8ª e 11ª, así como no encabezamento dos anexos I e III ditouse a resolución da Alcaldía núm. 591/2025, do 18/07/2025, pola que se efectuou a oportuna corrección, establecéndose, ademais, que se procede a dar a correspondente publicidade.

Así, pois, polo presente anuncio faise público que a redacción destas bases, tras a corrección, é a que segue (o que se corrixe quedando o resto inalterada):

-As bases 1ª e 2ª quedan redactadas da seguinte maneira: “O programa “Ponte-cedo: Servizo de apoio a familias madrugadoras” consiste nun proxecto educativo de atención á infancia e ás familias con menores escolarizados entre 3 e 12 anos que se enmarca nas liñas de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar. O servizo prestarase nas instalacións do CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso, ampliando o horario de apertura da dita instalación educativa dende as 07:15 ás 09:15 horas ofrecendo un servizo de acollida, coidado e vixilancia das persoas usuarias.

1. OBXECTO:

O obxecto desta convocatoria é regular as bases para a participación no programa “Ponte-cedo: Servizo de apoio a familias madrugadoras”, destinado a familias con menores escolarizados dende os 3 aos 12 anos de idade durante o curso escolar 2025/26 que cumpran os requisitos establecidos na presente convocatoria.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS:

O programa está dirixido a familias con menores escolarizados dende os 3 aos 12 anos de idade e que cumpran os requisitos desta convocatoria”

-No apartado 8 das bases “**8. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA**”, engádese a seguinte documentación:

Certificado de titularidade de conta bancaria para a domiciliación dos recibos

-No apartado 11 das bases “**11. NORMAS DE FUNCIONAMENTO**”, introdúcese a seguinte norma:

4. No caso de crianzas usuarias matriculadas nun centro de ensino distinto ao CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso, será a persoa proxenitora/titora ou responsable da crianza a encargada de achegar a dita crianza ao seu centro educativo.

-O encabezamento dos ANEXO I e ANEXO III quedará do seguinte xeito:

PROGRAMA “PONTE-CEDO:

SERVIZO DE APOIO A FAMILIAS MADRUGADORAS”

DO CONCELLO DE PONTECESO

Ponteceso, 21 de xullo de 2025

O alcalde,

José Manuel Mato Martínez